



**ColeCamiños!**  
CAMIÑO ESCOLAR SEGURO



## I Concurso “Consello de Seguridade Viaria Infantil”

# BASES

1. A Policía Local facilitará a todos os nenos e nenas participantes nos distintos ColeCamiños un cartón de Moito Olliño no que ir pegando os adhesivos cos puntos que obteñan.
2. Como mínimo unha vez a semana, a Policía Local visitará os distintos ColeCamiños e entregará a cada participante que vista o chaleco identificable de alta visibilidade unha pegatina de “colepuntos”.
3. O valor das pegatinas dependerá das condicións meteorolóxicas. Se se trata dun día chuvioso, o seu valor será de 2 colepuntos, mentres que un día sen presenza de auga será de 1 punto.
4. O valor do cartonciño de Moito Olliño é de 35 puntos. Sendo imprescindible sumar colepuntos de sol e choiva.
5. Hai que respectar as imaxes que presenta a base do cartonciño á hora de colocar as pegatinas.
6. Os primeiros 25 participantes que completen o cartón cos colepuntos de Moito Olliño serán os gañadores do concurso. En caso de empate farase un sorteo da man inocente cos nomes dos nenos que entregaran o cartón o mesmo día.
7. Para comunicar quen rematou o cartón, cada nen@ terá que entregalo á súa profesora ou profesor, quen fará constar a data.
8. A dirección ou xefatura de estudos do Colexio Pío XII fará chegar á Policía Local o nome dos primeiros 25 escolares que lograron cubrir o cartón de colepuntos de Moito Olliño.
9. O premio consistirá na participación no PRIMEIRO CONSELLO DE SEGURIDADE VIARIA INFANTIL que se celebrará no salón de Plenos do Concello de Santiago presidido polo alcalde.
10. Nese Consello, os participantes poderán presentarlle ao alcalde calquera dúbida, suxestión ou proposta en relación cos camiños escolares ou con calquera outra cuestión relacionada coa mellora da seguridade viaria na nosa cidade.
11. O obxectivo final desta actividade é animar os escolares a recoller información sobre o ámbito viario da súa contorna, analizala e tirar conclusións para propoñer melloras, en definitiva que os nenos e nenas realicen unha valoración da responsabilidade dos seus comportamentos e hábitos de seguridade.



**POLICÍA LOCAL**  
Santiago de Compostela